

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Rois para a execución das actuacións de saneamento e depuración nas parroquias de Urdilde e Sorribas. Concello de Rois (A Coruña)”

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre outras competencias, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, correspóndelle a esta entidade a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

2 As obras que se pretenden executar ao abeiro deste convenio consisten na ampliación da rede de saneamento e depuración no Concello de Rois.

Preténdese dotar do servizo de saneamento e depuración á meirande parte das parroquias de Urdilde e Sorribas no Concello de Rois.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Rois o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31.12.2021. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas no convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na “Saneamento e depuración nas parroquias de Urdilde e Sorribas. Concello de Rois (A Coruña)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

5 O custo total da actuación de referencia contemplada no convenio financiaranse integramente por Augas de Galicia ata unha cantidade máxima de cincocentos mil euros (500.000,00 €). Para o financiamento desta cantidade, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 “Investimentos xestionados para outros entes públicos” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:



2018: 10.000,00 €

2019: 40.000,00 €

2020: 250.000,00 €

2021: 200.000,00 €

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido nos artigos 4 e 6 da antedita lei.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



A tramitación deste expediente require de autorización previa do Consello da Xunta segundo o disposto na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, cumprindo deste xeito coa previsión establecida na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Santiago de Compostela
O director de Augas de Galicia
Roberto Rodríguez Martínez
(*asinado dixitalmente*)

